

Lingua 5º / Unidade 10 / Facemos unha enquisa

Actividade 1

Enunciado: Busca no texto os nomes de profesións que aparecen e indica os sufixos que as forman.

O meu avó andaba preocupado porque a nosa vaca non daba leite e o veterinario non atinaba coa solución. Non deixaba de dicir: «Que podo facer?». Así que decidiu chamar a Xan (o taxista da aldea) para ir visita ao veterinario de Carballo. Cando chegou á consulta o recepcionista díxolle que don Martín, o veterinario, non estaba porque tivera que ir á casa do farmacéutico a atender o parto da súa cadela. O avó decidiu agardar por el. Que remedio!, a vaca era importante para a economía da familia.

Solución

Veterinario, taxista, recepcionista e farmacéutico.

Sufixos: -ario, -ista, -ista e -ético

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Realiza o que se solicita e sen faltas de ortografía.	Realiza o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía e comete ata dous erros.	Realiza o que se solicita con algunhas faltas de ortografía e comete ata tres erros.	Non realiza correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

6.1. Identifica os sufixos de profesión e emprégaos para crear palabras.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Sentido da iniciativa e o emprendemento.

Actividade 2

Enunciado: Rodea os interrogativos, subliña os exclamativos e indica se funcionan como pronomes ou determinantes.

- Que prefires para cear: leite con galletas ou unha ensalada?
- **Canta** xente había na festa de Marcos!
- **Quen** esqueceu o libro nesa mesa?
- **Como** berra o bebé da Susana!

Solución

- Que prefires para cear: leite con galletas ou unha ensalada?
- **Canta** xente había na festa de Marcos!
- Quen esqueceu o libro nesa mesa?
- **Como** berra o bebé da Susana!

Pronomes: que, quen, como.

Determinantes: canta.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Realiza o que se solicita e sen faltas de ortografía.	Realiza o que se solicita e comete ata un erro.	Realiza o que se solicita e comete ata dous erros.	Non realiza correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

7.1. Identifica interrogativos e exclamativos e clasifícaos en determinantes e pronomes.

Competencias clave

Sentido da iniciativa e emprendemento.

Competencia en comunicación lingüística.

Actividade 3

Enunciado: Forma nomes de profesións a partir destas palabras e indica o sufixo que as forman.

ferro	flor	tenda	xardín
libro	conducir	piano	debuxo
biblioteca	varrer	xoia	oficina

Solución

ferr <u>eiro</u>	flor <u>ista</u>	tend <u>eiro</u>	xardine <u>iro</u>
libr <u>eiro</u>	condu <u>tor</u>	pian <u>ista</u>	debux <u>ante</u>
bibliotec <u>ario</u>	varre <u>dor</u>	xoi <u>eiro</u>	oficin <u>ista</u>

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Realiza o que se solicita sen cometer ningún erro.	Realiza o que se solicita comete ata tres erros.	Realiza o que se solicita e comete ata seis erros.	Non realiza correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

6.1. Identifica os sufixos de profesión e emprégaos para crear palabras.

Competencias clave

Competencia para aprender a aprender.

Competencia en comunicación lingüística.

Actividade 4

Enunciado: Relaciona.

Punto e seguido	Indica final dun texto.
Punto e á parte	Separa parágrafo relacionados.
Punto e final	Separa oracións relacionadas co mesmo tema.

Solución

Punto e seguido **Separa oracións relacionadas co mesmo tema.**

Punto e á parte **Separa parágrafos relacionados.**

Punto e final **Indica final dun texto.**

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Realiza o que se solicita sen cometer ningún erro.	Realiza o que se solicita e comete ata dous erros.	Realiza o que se solicita e comete ata tres erros.	Non realiza correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

8.1. Diferencia os tipos de punto.

Competencias clave

Competencia matemática.

Competencia para aprender a aprender.

Actividade 5

Enunciado: Indica a función das parénteses nas seguintes oracións.

- Cando naceu miña nai (1966) o home aínda non chegara á Lúa.
- O NENO (*mirando pola fiestra*): mamá, hai alguén no xardín!
- O presidente da UE (Unión Europea) está de visita na cidade.
- Os habitantes de Teis (Vigo) organizaron un festival benéfico.

Solución

Para facer aclaracións.

Anotacións de teatro.

Aclarar siglas.

Poñer datos complementarios.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Realiza o que se solicita sen cometer ningún erro.	Realiza o que se solicita e comete ata un erro.	Realiza o que se solicita e comete ata dous erros.	Non realiza correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

8.2. Coñece os usos do punto, das comiñas e as parénteses e aplícaos nos escritos.

Competencias clave

Competencia matemática.

Competencia para aprender a aprender.

Actividade 6

Enunciado: Coloca as comiñas onde corresponda.

- Pasamos unha vacacións fantásticas, todo o día metidos na casa.
- O meu avó chámame petit enfant.
- Sempre lembrarei á Ana dicindo: rapaces todo depende de vós.
- Onte limos o poema de Rosalía Negra sombra.
- Hoxe na clase de inglés fixemos un lisening.

Solución

- Pasamos unha vacacións «fantásticas», todo o día metidos na casa.
- O meu avó chámame «petit enfant».
- Sempre lembrarei á Ana dicindo: «rapaces todo depende de vós».
- Onte limos o poema de Rosalía «Negra sombra».
- Hoxe na clase de inglés fixemos un «lisening».

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe correctamente o que se solicita sen cometer ningún erro.	Escribe o que se solicita e comete un erro.	Escribe o que se solicita e comete ata tres erros.	Non escribe correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

8.2. Coñece os usos do punto, das comiñas e as parénteses e aplicaos nos escritos.

Competencias clave

Competencia matemática.

Competencia para aprender a aprender.

Actividade 7

Enunciado: Responde.

• Que é un diario persoal? _____

• Escribe tres das súas características ? _____

Solución

Un caderno no que se escribe o que lle acontece e sente o autor.

Emprega unha linguaxe coloquial, está escrito en 1.^a persoa, leva a data do día e en que se escribe.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía e comete ata un erro.	Escribe o que se solicita con algunhas faltas de ortografía e comete ata dous erros.	Non escribe correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

11.1. Coñece a función e as características do diario persoal.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Sentido da iniciativa e o emprendemento.

Actividade 8

Enunciado: Indica que oracións poderían formar parte do desenlace dunha narración.

- Xa na casa, os rapaces lembraron todo o vivido durante o día.
- A ovella, ao escoitar o ruído, saíu correndo monte abaixo.
- O barco estaba case no peirao, pero os nenos non atopaban aos seus pais.
- A aventura rematou, pero seguro que pronto comezará outra nova.

Solución

- **Xa na casa, os rapaces lembraron todo o vivido durante o día.**
- A ovella, ao escoitar o ruído, saíu correndo monte abaixo.
- O barco estaba case no peirao, pero os nenos non atopaban aos seus pais.
- **A aventura rematou, pero seguro que pronto comezará outra nova.**

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe correctamente o que se solicita.	Escribe o que se solicita e comete ata un erro.	Escribe o que se solicita e comete ata dous erros.	Non escribe correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

9.1. Identifica o desenlace nas narracións.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.
Sentido da iniciativa e o emprendemento.

Actividade 9

Enunciado: Escribe catro preguntas que poidan formar parte dunha enquisa sobre o uso de Internet.

Solución

Resposta libre. Cómpre que escriban de xeito claro e sen faltas de ortografía.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con algunhas faltas de ortografía.	Non escribe correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

2.1. Formula as preguntas dunha enquisa e interpreta as respostas.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Sentido da iniciativa e o emprendemento.

Actividade 10

Enunciado: Completa.

Ao remate da _____ boa parte dos _____
víronse obrigados a viaxar cara a _____.
Alí comezaron a _____
cos que reivindicar _____. O escritor máis importante foi
_____. Tamén destacan: _____
_____.

Solución

Ao remate da **guerra civil** boa parte dos **intelectuais galegos** víronse obrigados a viaxar cara a **México e Bos Aires**. Alí comezaron a **publicar libros e revistas** cos que reivindicar **e lingua e cultura galegas**. O escritor máis importante foi **Castelao**. Tamén destacan: **Eduardo Blanco amor, Luis Seoane, Rafael Dieste...**

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe correctamente o que se solicita.	Escribe o que se solicita e comete ata dous erros.	Escribe o que se solicita e comete ata catro erros.	Non escribe correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

10.1. Coñece datos dos autores galegos no exilio.

Competencias clave

Competencias sociais e cívicas.

Competencia en conciencia e expresión cultural.